

INTERVENCIÓN

LVP/slb

Refª: ispac2096827322259288999.doc

Asunto: Decreto aprobación TC 65-2024 Modificación PI Maquinaria Infraestruturas

DECRETO

EXCMA. SRA. DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, ALCALDESA
PRESIDENTA DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO

ASUNTO: APROBACIÓN DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA TC 65-2024, PARA MODIFICACIÓN DO PLAN DE INVESTIMENTOS DO ORZAMENTO XERAL MUNICIPAL DO EXERCICIO 2024 PARA AXUSTAR AS PREVISIÓNS INICIAIS DO NOVO CÓDIGO DE PROXECTO PARA "MAQUINARIA INFRAESTRUTURAS".

Visto o expediente tramitado para a modificación do plan de investimentos do Orzamento Xeral Municipal, que leva aparelhada unha modificación de crédito da modalidade transferencia TC 65-2024, entre aplicacións da mesma área de gasto, por un importe total de 1.639,55 €, dentro do vixente orzamento do exercicio 2024, en base ao establecido na Base nº 11 das de Execución do orzamento.

Consistindo dita modificación na minoración das previsións iniciais do Código de Proxecto 24XX00009 - 15300.61100 (Pavimentacións Zona Sur da Cidade) por importe de 1.639,55 €, dado que non será preciso empregalos na súa totalidade nesta anualidade, e incrementando as previsións iniciais do Código de Proxecto 24XX00047 -15300.62300 (Maquinaria Infraestruturas) polo mesmo importe, atendendo ás circunstancias recollidas na providencia do servizo de Infraestruturas Urbanas, asinado polo enxeñeiro técnico municipal, Alberto Cardama Cid, o 22.11.2024 coa conformidade do responsable da área xestora, o Concelleiro delegado de Infraestruturas Urbanas, Alexandre Penas Roibás, no que se propón:

" Modificar o Plan de Investimentos do Orzamento Xeral Municipal, en base ao establecido na Base nº 11 das de Execución, consistindo dita modificación na minoración das previsións iniciais dos seguintes códigos de Proxecto:

- 1.639,55 € do 24XX00009 - 15300.61100 - Pavimentacións Zona Sur da Cidade

E incrementando as previsións iniciais do novo código de proxecto:

- 1.639,55 € do 24XX00047 - 15300.62300 - Maquinaria Infraestruturas"

Vistos igualmente os documentos e informes que constan no expediente tramitado para o efecto, o informe da Intervención Xeral Municipal Ref: 1720/2024, do 27.11.2024, así como o RCMOD núm.: Ref.: 79516/2024 de 25.11.2024 por importe de 1.639,55 €.

Tendo en conta que xa se advertiu pola intervención municipal da excepcionalidade que deberían ter estas modificacións do plan de investimentos. Porén e dada as circunstancias que se poñen de manifesto no servizo de Infraestruturas Urbanas e dado que ditas modificacións non supoñen unha modificación orzamentaria de competencia plenaria tal e como se regula na base 11 de execución do orzamento que establece que:

"A determinación específica dos citados proxectos e o seu financiamento virá establecida no Anexo de investimentos, con especificación do investimento que se realizará e o recurso que o financia. As alteracións no Anexo de investimentos deberán ser aprobadas polo Pleno da corporación cos mesmos requisitos que a aprobación do orzamento, sempre que esas alteracións esixan modificacións orzamentarias de competencia plenaria. Aos efectos

INTERVENCIÓN

LVP/slb

Refª: ispac2096827322259288999.doc

Asunto: Decreto aprobación TC 65-2024 Modificación PI Maquinaria Infraestrutras

do disposto neste parágrafo, non se entenderá como alteración do Anexo de investimentos a modificación da fonte de financiamento de cada proxecto específico como consecuencia da aparición de recursos financeiros propios derivados do remanente de tesourería ou do alleamento de investimentos, para o que será suficiente a acreditación de tales recursos e a súa aprobación por decreto da Alcaldía."

Tendo en conta á súa vez que a base 14ª das de execución do Orzamento Xeral atribúe a competencia para a aprobación dos expedientes de transferencia de crédito á Alcaldía, coa excepción dos que afecten a distintas áreas de gasto e non afecten a créditos de persoal (en aumento e diminución)

En virtude do disposto nos artigos 179 a 181 do Real decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo cal apróbase o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais; artigos 40 a 45 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril, Regulamento orzamentario; as Bases de execución do orzamento vixente e sobre a base das atribucións conferidas a esta Alcaldía, en virtude do disposto no artigo 124.4 g) e ñ), da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa, **RESOLVO:**

PRIMEIRO. Aprobar o actual expediente de modificación de créditos vía transferencia entre aplicacións da mesma área de gasto e a alteración do plan de investimentos do exercicio 2024 por un importe global de 1.639,55 €, para dar cobertura ás obrigas sinaladas na parte expositiva do presente decreto:

<u>PROXECTO E PARTIDAS ORZAMENTARIA QUE CEDE CRÉDITO</u>	<u>IMPORTE €</u>	<u>PROXECTO E PARTIDA ORZAMENTARIA QUE INCREMENTA CRÉDITO</u>	<u>IMPORTE €</u>
24XX00009 (Pavimentación de rúas) Aplicación orzamentaria 15300.61100	1.639,55 €	24XX00047(Maquinaria Servizo de Infraestruturas) Aplicación orzamentaria 15300.62300	1.639,55 €
TOTAL CRÉDITO CEDIDO	1.639,55 €	TOTAL INCREMENTO DE CRÉDITO	1.639,55 €

SEGUNDO: Sendo o expediente que se aproba firme e executivo sen máis trámites, polo que se deberán introducir na Contabilidade da Corporación os axustes derivados do mesmo.

Cúmprase.